

ACTA N° 04/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González

Escusa a súa inasistencia D.^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 26 de xaneiro de 2009, reúnen as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 03/09, do 19/01/09, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar dita acta.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 07/09 – D. CÁNDIDO PAREDES PENA presenta proxecto para traballos de substitución de cuberta de vivenda unifamiliar sita na rúa Avda. Concepción Arenal, núm. 34, do barrio da Seara, Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 15.01.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 21 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: SUSTITUCIÓN DE CUBERTA.(OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** de acordo coas determinacións do proxecto.

Non require informes sectoriais.

No expediente consta estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	271,91 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.B) EXPTE. 217/07 – UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., representado por D. Fernando Val López, presenta separata do proxecto de L.M.T. CT RBT Lazareto (Nº SGD: 5342070300021), de conformidade co proxecto presentado, redactado polo Enxeñeiro industrial D. Ruben Menéndez Fernandez, visado na data 02.10.07,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 22 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: LMT, CT E RBT DE LAZARETO.(OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Consellería de Innovación e Industria.

No expediente consta autorización do Servizo Provincial de Estradas. O centro de transformación situarase a unha distancia de 12 m.l. medidos dende a liña interior da beirarrúa respecto a parcela en perpendicular a mesma. Distará 6 metros do eixo do camiño e 2,50 metros de lindantes.

Autorízase cruzamento aéreo de liña de tensión a unha distancia mínima da rasante de 6 m.l..

Autorízase a substitución de dous apoios existentes por outros de mellores características a unha distancia de 1,5 veces a súa altura respecto da aresta exterior da calzada. Será necesario levar a cabo a retirada dos postes antigos.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	1.474,83 €
Taxas licenza urbanística.....	131,68 €

2.C) EXPTE. 08/09 – D.^a MARÍA DE LOS ÁNGELES CARRO MARTÍNEZ presenta estudo técnico para cambio de tella, chorreo e limpeza de fachadas, pintado de voladizos e colocación de canalóns e baixantes dunha vivenda unifamiliar sita no barrio de Isamil, núm. 340 Meira – Moaña, de conformidade co estudo técnico presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado na data

18.12.08, co obxecto de legalizar o expte. nº 81/08 de reposición da legalidade urbanística.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 22 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: CONSERVACIÓN DE VIVENDA(OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autorización administrativa do Servizo Provincial de Estradas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

A presente licenza otorgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na restauración parcial dunha obra fora de ordenación na cal non está prevista a expropiación ou demolición nun espazo de quince anos, obras sin incremneto do valor de expropiación nin mais consolidación que o reforzo parcial cando as obras non estan afectadas por sistemas xerais, se posicionen en solos urbanos non consolidados ou urbanizables inmediatos. Co oligado mantemento do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saude

Queda legalizada a obra sometida o expediente de reposición da legalidade 81/2008.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	150,54 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

3.A) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D^a MARÍA DOLORES GONZÁLEZ ENTENZA e D. ALEJANDRO PIEDRAS SOTO, no que SOLICITAN Licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada na Paradela – Moaña, pertencente á licenza de obra (Expte. nº 49/2006, concedida pola XGL en sesión de data 02.05.2006).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 21 de xaneiro de 2009 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, o día 14 de outubro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 20 de outubro de 2008; asinado polo arquitecto D. Jorge Díaz de la Iglesia o día 14 de outubro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 27 de outubro de 2008.

Fotocopia da licenza de construción.

Fotografías da obra rematada.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Recibo de pago de taxas por licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 49/2006, aos seus promotores D.^a MARÍA DOLORES GONZÁLEZ ENTENZA e D. ALEJANDRO PIEDRAS SOTO, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

3.B) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por COLOPER PROMOCIONES INMOBILIARIAS, S.L., no que se SOLICITA Licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar núm. 2 situada en Verdeal, s/n – Domaio, pertencente á licenza de obra (Expte. nº 234/2005, concedida pola XGL en sesión de data 25.08.05, da que se aprobou a súa transmisión a este promotor por XGL do 03.11.08).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 21 de xaneiro de 2009 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, o día 18 de novembro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 18 de novembro de 2008; asinado polo arquitecto D. Rafael Oliveira Souto o día 18 de novembro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 25 de novembro de 2008.

Fotocopia da licenza de construción e copia dos recibos de pago da licenza de construción.

Fotografías da obra rematada.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Recibo de pago de taxas por licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar número 2 dimanante da licenza en Expte. nº 234/2005, ao seu promotor COLOPER PROMOCIONES INMOBILIARIAS, S.L., nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

4.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

4.A) EXPTE 113/08 – D. FRANCISCO PIÑEIRO ARGIBAY.

Por escrito de data 26 de decembro de 2008, D. Francisco Piñeiro Argibay solicita a anulación do expediente 113/2008 e a devolución das taxas pagadas.

Visto o informe do aparellador municipal do 5 de xaneiro de 2009, que informa favorablemente a anulación e en canto a devolución de taxas se remite á ordenanza correspondente,

Visto o informe da Tesourería municipal do 21 de xaneiro de 2009, no que indica no seu punto cuarto que:

a ordenanza fiscal do Concello de Moaña reguladora da taxa por licenzas urbanísticas indica no seu artigo 11.5 que “*a denegación, a caducidade da licenza, ou a non execución das obras non dá dereito ao seu titular a obter devolución dos dereitos ingresados...*” Por tanto, de acordo coa redacción exposta non procedería á devolución de ingreso algún.

e no punto quinto indica que de acordo do apartado 2 do artigo 26 da LXT, xunto coa devolución dos ingresos indebidos haberá que devolver os importes dos xuros de demora xerados dende a data de ingreso ata a data na que se ordene o seu pagamento; conclúe o informe favorablemente:

visto o anterior, **infórmase sobre a procedencia da devolución da cantidade ingresada en concepto de ICIO por importe de 173,16 euros a favor de Francisco Piñeiro Argibay, debendo practicarse a liquidación de xuros prevista na LXT.**

A Xunta de GobernaLocal, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Anular o expediente 113/2008.

Segundo: Proceder á devolución segundo o informe da Tesourería municipal.

4.B) Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA – DELEGACIÓN PROVINCIAL, no que solicita condicionado do Concello relativo á aprobación da instalación LMTS CT XUNQUEIRA – nº de expte. IN407A 2008/675-4, solicitado por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 22 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE OBRAS: REXISTRO DE ENTRADA 10366 (10.12.2008)

PETICIONARIO: CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

ASUNTO: LMTS, CT A XUNQUEIRA

INFORME:

Este concello non opón condicionados a instalación denominada LMTS CT A XUNQUEIRA, solicitada por Unión Fenosa Distribución S.A., Nº DE EXPEDIENTE IN407A 2008/675-4.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Innovación e Industria – Delegación Provincial de Pontevedra.**

4.C) Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA – DELEGACIÓN PROVINCIAL, no que solicita condicionado do Concello relativo á aprobación da instalación RETRANQUEO CT PORTO DOMAIO– nº de expte. IN407A 2008/724-4, solicitado por FENOSA.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 20 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE OBRAS: REXISTRO DE ENTRADA 0223 (10.01.2009)

PETICIONARIO: CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

ASUNTO: PETICIÓN DE INFORME SOBRE O RETRANQUEO DO CT DOMAIO

SITUACIÓN: PORTO-DOMAIO.

INFORME:

Ante a petición efectuada sobre o retranqueo do centro de transformación (CT PORTO-DOMAIO), EXPEDIENTE IN407A 2008/724-4, este Concello de Moaña non opón impedimento algún a referida instalación, cuestión que debe porse en comunicación da Consellería de Innovación e Industria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Innovación e Industria – Delegación Provincial de Pontevedra**

5.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE APERTURA

5.A) EXPEDIENTE 07/08 – D. SANTIAGO BLANCO RIVAS, CAMBIO DE TITULARIDADE LICENZA DE APERTURA.

Vista a instancia presentada o día 15 de xaneiro de 2008 por Don SANTIAGO BLANCO RIVAS, na que expón que é a nova titular do establecemento dedicado a café-bar situado na rúa As Barxas, 9 baixo e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 21 de xaneiro de 2000, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 21.01.09, en relación coa solicitude presentada por Don SANTIAGO BLANCO RIVAS na data do 15.01.2008, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licencia de Apertura de CAFE-BAR, sito na rúa Barxas nº 9, pertencente a O PALITO, C.B., teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licencias de Apertura, **consta no mesmo**, Licencia Municipal de CAFÉ-BAR, sito na rúa Barxas, nº 9, pertencente a **O PALITO, C.B.** pola **Comisión de Goberno de data do 19.07.2004.**

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFÉ-BAR, sito na rúa Barxas, 9 baixo, pertencente a **O PALITO, C.B.** aprobada pola **Comisión de Goberno de data do 19.07.2004**, a favor de **DON SANTIAGO BLANCO RIVAS.**

5.B) EXPEDIENTE 01/09 – D^a ROSANA FERNANDEZ GARCÍA, CAMBIO DE TITULARIDADE LICENZA DE APERTURA.

Vista a instancia presentada o día 17 de decembro de 2008 por Dona ROSANA FERNANDEZ GARCÍA, na que expón que é a nova titular do establecemento dedicado a librería papelería denominada “Librería Alborada” e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 22 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 22.01.09, en relación coa solicitude presentada por Dona ROSANA FERNÁNDEZ GARCÍA na data do 17.12.2008, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licencia de Apertura de LIBRERÍA-PAPELERÍA-

OBXECTOS DE AGASALLO, sito na rúa Concepción Arenal, 112, pertencente a Dna. María Luisa Canosa Magret, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licencias de Apertura, **consta no mesmo**, Licencia Municipal de LIBRERÍA-PAPELERÍA-OBXECTOS DE AGASALLO, sito na rúa Concepción Arenal, 112, pertencente a Dna. María Luisa Canosa Magret pola **Comisión de Goberno de data do 01.12.1982**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de LIBRERÍA-PAPELERÍA-OBXECTOS DE AGASALLO, sita na rúa Concepción Arenal, 112, pertencente a Dna. María Luisa Canosa Magret, aprobada pola **Comisión de Goberno de data do 01.12.1982**, a favor de **DONA ROSANA FERNÁNDEZ GARCÍA**.

5.C) EXPEDIENTE 08/08 – D^a SALADINA GARCÍA LANZOS, CAMBIO DE TITULARIDADE LICENZA DE APERTURA.

Vista a instancia presentada o día 1 de febreiro de 2009 por Dona SALADINA GARCÍA LANZOS, na que expón que é a nova titular do establecemento dedicado a café-bar no local de Ameixoadada nº 39 A, e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 23 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 23.01.09, en relación coa solicitude presentada por Dona Saladina García Lanzos na data do 01.02.2009, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licencia de Apertura de TABERNA, sito na rúa Ameixoadada nº 39-A, pertencente a Dna. Mariana de Jesús Castro Reyes, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licencias de Apertura, **consta no mesmo**, Licencia Municipal de TABERNA, sito na rúa Ameixoadada nº 39 - A, pertencente a Dna. Mariana de Jesús Castro Reyes pola **Comisión de Goberno de data do 12.01.2009**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de TABERNA, sita na rúa Ameixoadada, nº 39 A, pertencente a Dna. Mariana de Jesús Castro Reyes, aprobada pola **Comisión de Goberno de data do 12.01.2009**, a favor de **DONA SALADINA GARCÍA LANZOS**.

6.- PROPOSTAS DE GASTOS

6.A) Visto o orzamento do 20 de xaneiro de 2009 presentado pola empresa A&B LABORATORIOS DE BIOTECNOLOGÍA, S.A. na folia de solicitude de pedido para a compra de herbicidas, por un importe de 856,78 € para o departamento de Servizos

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 5110-22109, RC 201.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 856,78 € a favor de A&B LABORATORIOS DE BIOTECNOLOGÍA, S.A., con cargo a partida 5110-22109 RC 201, polo subministro de materiais para o departamento de Servizos.

6.B) Visto o custe para que o Concello de Moaña apareza na edición do suplemento especial de FITUR 09 que *FARO DE VIGO* publicará na súa edición xeral o día 28 de xaneiro, presentado polo diario o 20 de xaneiro de 2009 e que ascende a 992,25 euros máis IVE,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 7510-22602, RC 200,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 1.151,01 € a favor de FARO DE VIGO, con cargo a partida 7510 22602 RC 200, pola publicidade no suplemento especial de FITUR 09.

6.C) Visto o orzamento presentado polo restaurante EL REAL, S.L. para o pincho da gala do deporte, por un importe de 3.000,23,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 4520-22601, RC 196.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 3.000,23 € a favor de RESTAURANTE EL REAL, S.L. con cargo a partida 4520-22601 RC 196, polo pincho da Gala do Deporte.

6.D) Visto o orzamento do 22 de xaneiro de 2009 presentado pola empresa LA JUGUE – Pablo Cordeiro Budiño para disfraces e complementos de Entroido, por un importe de 326,95 €, solicitado pola concelleira de Igualdade e Servizos,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 3130-22110, RC 198.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 326,95 € a favor da empresa LA JUGUE – Pablo Cordeiro Budiño, con cargo a partida 3130-22110 RC 198, por disfraces e complementos para a ludoteca municipal.

7.- COMPRA DO DOMINIO “MOANA.ES”

O concelleiro sr. Pastoriza propón que se compre o rexistro do dominio *moana.es*.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos términos.

8.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

IBERDROLA, S.A. con CIF A-48010615, solicita a liquidación da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo da vía pública correspondente ao último trimestre de 2008, subministrando os datos pertinentes.

Visto o informe da Tesourería municipal do 22 de xaneiro de 2009 que textualmente di:

ASUNTO: Liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido das Facendas Locais.
- Lei 8/89 de taxas e prezos públicos.
- Real decreto legislativo 781/1986 polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real decreto 1174/1987, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter estatal.
- Lei 58/2003 Xeral Tributaria

ANTECEDENTES:

IBERDROLA, S.A. con CIF A-48010615 solicita a liquidación da taxa por ocupación da vía pública correspondente ao derradeiro trimestre do ano 2008, subministrando os datos pertinentes.

Á vista do disposto no artigo 24 do Texto Refundido das Facendas Locais, o importe a liquidar corresponde ao 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderanse por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por esta como contrapartida polos servizos prestados en cada término municipal.

Agora ben, non se incluírán entre os ingresos brutos, a estes efectos, os impostos indirectos que graben os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de cuantificación da taxa. Tampouco se incluírán os servizos de telefonía móbil.

É por isto polo que, á vista das competencias encomendadas polo artigo 5 do Real Decreto 1174/1989, se somete á Xunta de Goberno Local a aprobación das liquidacións correspondentes que aparecen relacionadas no Anexo I deste documento, aos efectos de realizar a oportuna notificación ao interesado de acordo co disposto na Lei xeral tributaria 58/2003.

ANEXO I

PERIODO	BASE TAXA	APLICACIÓN 1,5 %
Outubro 2008	80.484,82	1.207,27
Novembro 2008	74.384,86	1.115,77
Decembro 2008	68.183,06	1.002,75
TOTAL TRIMESTRE	223.052,74	3.345,79

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía da liquidación reflectida no informe da Tesourería por importe de 3.345,79 euros correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de IBERDROLA, S.A. do último trimestre de 2008, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

9.- LIQUIDACIÓN DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-82153834, solicita a liquidación da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo da vía pública correspondente a novembro de 2008, subministrando os datos pertinentes.

Visto o informe da Tesourería municipal do 22 de xaneiro de 2008 que textualmente di:
ASUNTO: Liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido das Facendas Locais.
- Lei 8/89 de taxas e prezos públicos.
- Real decreto lexislativo 781/1986 polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real decreto 1174/1987, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter estatal.
- Lei 58/2003 Xeral Tributaria

ANTECEDENTES:

UNIÓN FENOSA, S.A. con CIF A-82153834 e representada por D. Jorge Alberto Fernández Díaz, Xefe do distrito de Pontevedra, solicita a liquidación da taxa por aproveitamentos especiais constituídos en solo, subsolo e voo das vías públicas municipais correspondente a novembro de 2008.

Á vista do disposto no artigo 24 do Texto Refundido das Facendas Locais, o importe a liquidar corresponde ao 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderanse por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por esta como contrapartida polos servizos prestados en cada término municipal.

Agora ben, non se incluírán entre os ingresos brutos, a estes efectos, os impostos indirectos que graben os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de cuantificación da taxa. Tampouco se incluírán os servizos de telefonía móbil.

É por isto polo que, á vista das competencias encomendadas polo artigo 5 do Real Decreto 1174/1989, se somete á Xunta de Goberno Local a aprobación das liquidacións correspondentes que aparecen relacionadas no Anexo I deste documento, aos efectos de realizar a oportuna notificación ao interesado de acordo co disposto na Lei xeral tributaria 58/2003.

ANEXO I

PERIODO	BASE TAXA	Tipo impositivo	Cuota tributaria
Novembro 2008	696.509,88	1,5 %	10.447,64

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía da liquidación reflectida no informe da Tesourería por importe de 10.447,64 euros correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Unión Fenosa Distribución S.A. de novembro de 2008, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

10.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS POR LIQUIDACIÓN PROVISIONAL POR LICENZA DE OBRA – EXPTE. Nº 167/2006.

Vista a instancia do 4 de decembro de 2008 de D. Domingo Araujo Rodríguez, en representación de PROMOCIONES E INVERSIONES ALGALIA, S.L., na que expón que o día 28 de setembro de 2006 solicitou licenza de obra para 4 chalets adosados en Tirán, para o que liquidou un importe de 9.374,50 euros entre impostos e taxas, e que esa solicitude de obra foille denegada polo Concello, expte. 167/06. Solicita a devolución do importe entregado e indica o numero de conta ao que facerlla.

Visto o informe da Tesourería municipal do 22 de xaneiro de 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución das cantidades ingresadas por D. DOMINGO ARAUJO RODRÍGUEZ como representante de PROMOCIONES E INVERSIONES ALGALIA, S.L. en concepto de Imposto de Construcións, instalacións e obras -7.592,44 €-, o cartel de obra – 110,00 €- e a conexión á rede de sumidoiros -720,00 €- pola denegación da licenza solicitada nº de expediente 167/2006.

11.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS POR LIQUIDACIÓN PROVISIONAL POR LICENZA DE OBRA – EXPTE. Nº 166/2006.

Vista a instancia do 4 de decembro de 2008 de D. Domingo Araujo Rodríguez, en representación de PROMOCIONES E INVERSIONES ALGALIA, S.L., na que expón que o día 28 de setembro de 2006 solicitou licenza de obra para 4 chalets pareados en Tirán, para o que liquidou un importe de 4.966,35 euros entre impostos e taxas, e que esa solicitude de obra foille denegada polo Concello, expte. 166/06. Solicita a devolución do importe entregado e indica o numero de conta ao que facerlla.

Visto o informe da Tesourería municipal do 22 de xaneiro de 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución das cantidades ingresadas por D. DOMINGO ARAUJO RODRÍGUEZ como representante de PROMOCIONES E INVERSIONES ALGALIA, S.L. en concepto de Imposto de Construcións, instalacións e obras -3.996,75 €-, o cartel de obra – 110,00 €- e a conexión á rede de sumidoiros -360,00 €- pola denegación da licenza solicitada nº de expediente 166/2006.

12.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR INSTALACIÓN DE TERRAZA.

D.^a YOLANDA SANTIAGO PÉREZ solicita, por escrito do 27 de agosto de 2008, a devolución da fianza pola terraza que instalou,

Visto o informe da tesoureira municipal do día 26 de xaneiro de 2009, no que, unha vez acreditado o depósito da fianza na Tesourería, indica que o día 29 de outubro de 2008 o xefe da Policía Local emite informe onde se indica que a interesada retirou a terraza unha vez transcorrido o prazo sinalado, se ben tiña mesas e cadeiras colocadas na terraza particular do bar, polo que *procede a devolución da fianza por importe de 480 euros a favor de YOLANDA SANTIAGO PÉREZ.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución da fianza de 480 euros a favor de D.^a YOLANDA SANTIAGO PÉREZ.

13.- SOLICITUDE DE AXUDA EXTRASANITARIA DUN TRABALLADOR DO CONCELLO.

D. Ángel Paramos Corrales, por instancia do 13 de xaneiro de 2009, solicita axuda extrasanitaria por tratamento periodontal. Achega informe, tres orzamentos e factura.

Desde o departamento de persoal infórmase, o día 22 de xaneiro de 2009, que o señor Paramos é traballador deste Concello, coa categoría de Oficial 1º canteiro, dende a súa toma de posesión de data 10.06.08.

Visto o informe de Intervención do 26 de xaneiro de 2009 no que se conclúe que *Xa que de acordo co disposto no artigo 25 do convenio colectivo do persoal laboral os tratamentos periodontais non se atopan entre as prestacións sanitarias subvencionadas, por esta Intervención infórmase desfavorablemente a concesión da axuda extrasanitaria solicitada por D. Ángel Paramos Corrales no seu escrito do 13 de xaneiro de 2009.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a axuda solicitada polo motivo recollido no informe do interventor municipal.

14.- LIQUIDACIÓN DO CANON DE SANEAMENTO DO ANO 2004

O día 23.01.08 a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible solicitoulle ao Concello de Moaña os datos relativos ao canon de saneamento do ano 2004. O día 29 de febreiro efectuou un requirimento ao Concello para que, no prazo de dez días, se lles remitira unha relación das persoas abonadas ao servizo de augoas – cumprimentado o día 18.04.08-.

O día 28 de xullo de 2008 realizouse a dilixencia de inspección, notificada o día 7 de agosto de 2008, á que o Concello non formula alegacións.

O día 5 de setembro de 2008 recíbese a comunicación da apertura do trámite de audiencia.

O día 9 de xaneiro de 2009 fíxase a convocatoria para a sinatura da acta de inspección que se fai o día 13 de xaneiro, mediante un acta de disconformidade asinada polo Concello de Moaña co obxecto de confirmar os datos contidos na Acta co ORAL de Pontevedra.

Vistos os catro documentos de data 14 de xaneiro de 2009 enviados polo ORAL que reflicten o estado de situación de voluntaria do exercicio de 2004,

Visto o informe da Tesourería e Intervención municipais do día 26 de xaneiro de 2009 – no que se recollen os antecedentes antes descritos- emitido para indicar as cantidades liquidadas xunto coas taxas de auga do ano 2004 en concepto de canon de saneamento, a súa coherencia coas cantidades reclamadas pola entidade Augas de Galicia, a corrección dos xuros liquidados e as cantidades que por este concepto constan na contabilidade deste Concello,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar a conformidade coa liquidación do principal do canon de saneamento proposto por Augas de Galicia e coa liquidación dos xuros devengados a partir da data do 31 de marzo de 2006.

15.- AUTORIZACIÓN DE ENDOSO “CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L.” DA CERTIFICACIÓN Nº UN DA OBRA REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA INFANTIL.

Dáse conta da solicitude de endoso do representante da empresa CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L. da certificación nº 1 da obra “Rehabilitación da Casa Pazó para Gardería Infantil” (correspondente á factura nº FV08/142), de data 04/12/08, por un importe de 211.648,40 euros, operación aceptada pola entidade Caixanova segundo certifica D. Francisco Díaz Arnau, subdirector xeral da entidade, para a que facultan a D. Francisco José Santos Piñeiro,

Visto que o recoñecemento da obriga desa certificación aprobouse por Resolución da Alcaldía do 12 de decembro de 2008, nº de documento ADO 2008-2445-0,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o endoso da certificación nº 1 da obra “Rehabilitación da Casa Pazó para Gardería Infantil”, correspondente á factura nº FV08/142, por un importe de 211.648,40 € emitida por CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L. a favor de CAIXANOVA, no nº de conta 2080-0801-06-0040000906.

16.- AMPLIACIÓN DE ACORDO SOBRE EXECUCIÓN DE SENTENZA Nº 588/08

Na Xunta de Goberno do 22 de decembro de 2008 tomouse o seguinte acordo que se reproduce textualmente:

A Xunta de Goberno Local acorda proceder á súa execución e, na súa virtude, recoñecer a obriga de 180,30 euros a José Urano Riobó Vieitez, traballador laboral do Concello, por axuda de estudos á súa filla Raquel para os cursos académicos 2006/2007 e 2007/08, con cargo a partida 1210 16304.

Visto que na sentenza se recollía tamén que se lle pagase o interese de mora do 10% anual, e visto o cálculo efectuado pola Intervención municipal para saber o seu importe, no que se toma como inicio do período devengador de intereses dende o día 31.03.08 (data do acordo da Xunta de Goberno Local polo que se lle desestimou por exclusión a aprobación de ditas axudas ao señor Riobó) ata o día de hoxe,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda ampliar o acordo tomado na Xunta de Goberno do 22 de decembro de 2008 polo que se recoñecía a obriga de 180,30 euros a D. José Urano Riobó Vieitez por axuda a estudos á súa filla para os cursos académicos 2006/2007 e 2007/08, no sentido de recoñecer tamén a obriga polos intereses de mora devengados ata a data de hoxe, e que ascende á contía de 14,92 euros.

17.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA PARA A REMODELACIÓN DA ZONA VERDE NA GUÍA.

O concelleiro de Servizos presenta o proxecto para a “Remodelación da zona verde da Guía” valorado en 120.725,02 €. Dá conta á Xunta de Goberno da convocatoria de axudas da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a creación de infraestruturas en ámbitos urbanos e rurais polos concellos de Galicia, por Orde do 26 de decembro de 2008. Propón á Xunta de Goberno acollerse a esa convocatoria, solicitando axuda por importe de 96.580,00 € (80% do importe total da obra).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar o proxecto para a “Remodelación da zona verde da Guía” e acollerse á convocatoria de axudas da Consellería de Presidencia, solicitando a axuda de 96.580,00 € e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 26 de decembro de 2008.

18.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “CONSERVACIÓN E REFORMA CENTRO SOCIOCULTURAL ROSALÍA DE CASTRO”.

En data 1 de decembro de 2008, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Conservación e Reforma Centro Sociocultural

Rosalía de Castro” á empresa TECODE GALICIA S.A.L., polo prezo de CATROCENTOS CORENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS VINTE EUROS (449.220,00 €), IVE incluído, as melloras recollidas na oferta por importe de 16.109,23 euros sen IVE, gastos xerais e beneficio industrial e un prazo de garantía de 18 meses.

Asemesmo se lle requiriu para no prazo de quince días seguintes á notificación, presentase documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 19.362,93 euros e se lle citou para que nos 15 días seguintes á notificación da adxudicación aporte a documentación requirida no apartado 16 dos pregos, certificados acreditativos de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e Seguridade Social.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 4 de decembro e publicado no BOP de 12 de xaneiro de 2009.

En data 17 de decembro de 2008, o adxudicatario provisional depositou aval bancario na tesourería municipal por importe de 19.362,93 euros, conforme se acredita mediante carta de pago nº 1084 de 17 de decembro de 2008. Tamén presenta certificados acreditativos de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e Seguridade Social.

De conformidade co previsto no artigo 16 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de obra “Conservación e Reforma Centro Sociocultural Rosalía de Castro” á empresa TECODE GALICIA S.A.L., polo prezo de CATROCENTOS CORENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS VINTE EUROS (449.220,00 €), IVE incluído, as melloras recollidas na oferta por importe de 16.109,23 euros sen IVE, gastos xerais e beneficio industrial e un prazo de garantía de 18 meses.

SEGUNDO.- Requirit do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persoe nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto. Asemesmo deberá pagar os anuncios en boletíns oficiais por importe de 332,62 euros.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro, a D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto técnico municipal.

CUARTO.- Aprobar as melloras presentadas no que supoñan modificación do obxecto do contrato.

19.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE VESTIARIOS PARA O CAMPO DE FÚTBOL”.

En data 1 de decembro de 2008, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Construcción de vestuarios para o campo de fútbol” á empresa COVSA, CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS S.A., polo prezo de CENTO NOVENTA E SEIS MIL NOVECIENTOS SETENTA E CINCO EUROS E TRINTA E SETE CÉNTIMOS (196.975,37 €), IVE incluído, as melloras recollidas na oferta por importe de 17.639,14, sen IVE, e un prazo de garantía de 60 meses.

Asemesmo se lle requiriu para no prazo de quince días seguintes á notificación, presentase documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 8.490,32 euros e se lle citou para que nos 15 días seguintes á notificación da adxudicación aporte a documentación requirida no apartado 16 dos pregos, certificados acreditativos de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e Seguridade Social de non presentalos anteriormente ca oferta.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 16 de decembro de 2008 e publicado no BOP de 12 de xaneiro de 2009.

En data de 29 de decembro de 2008, o adxudicatario provisorio depositou aval bancario na tesourería municipal por importe de 8.490,32 euros, conforme se acredita mediante carta de pago nº 1104 de 29 de decembro de 2008. Os certificados acreditativos de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e Seguridade Social os presentou ca oferta.

De conformidade co previsto no artigo 16 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de obra “Construcción de vestiarios para o campo de fútbol” á empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS S.A., polo prezo de CENTO NOVENTA E SEIS MIL NOVECENTOS SETENTA E CINCO EUROS E TRINTA E SETE CÉNTIMOS (196.975,37 €), IVE incluído, as melloras recollidas na oferta por importe de 17.639,14, sen IVE, e un prazo de garantía de 60 meses.

SEGUNDO.- Requiritir do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persoe nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto. Asemesmo deberá pagar os anuncios en boletíns oficiais por importe de 318,17 euros.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro, a D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto técnico municipal.

CUARTO.- Aprobar as melloras presentadas no que supoñan modificación do obxecto do contrato.

20.- MOBILIDADE

20.A) D. José Graña Boubeta, como presidente da AAVV de San Martiño de Moaña, por escrito con entrada no Concello o día 13 de xaneiro de 2009 expón que a veciñanza da súa parroquia que transita pola zona da Baixada do Ferreiro cara ao Lago de Abelendo, manifesta a súa preocupación pola pouca visibilidade dos vehículos que se incorporan cara a Abelendo dende o vial da Lameira. Solicita que se instale un espello esférico que facilite a visibilidade dos vehículos que se incorporan dende o vial da Lameira.

Visto o informe do inspector-xefe da Policía local do Concello de Moaña do 20 de xaneiro de 2009, no que se indica que sería conveniente acceder ao solicitado posto que

se trata dun cruce sen visibilidade e que o lugar adecuado para instalar o espello sería entre o camiño que vén de Abelendo e que vai ata a Pandiña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a instalación do espello esférico segundo se recolle no informe do inspector-xefe da Policía, a conta do Concello.

20.B) D. Manuel Eugenio García Barreiro solicita autorización para colocar, pola súa conta, un espello normalizado que ten na rúa, a carón do muro de enfronte, xa que necesita sacar o coche da finca pegada á casa sen perigo de accidente.

Visto o informe favorable do inspector-xefe da Policía local do Concello de Moaña do 20 de xaneiro de 2009, emitido ao respecto,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a instalación do espello solicitada, a conta do particular.

21.- FURANCHO

D. LUIS FERVENZA ENTENZA, solicita autorización para abrir un furancho para a venda do excedente de viño de colleita propia, no baixo da súa vivenda en Piñeiro 105, a partir do 13/3/09 ata 30/4/09. Presenta declaración de produción campaña 2008-09 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Artigo 5 do Real Decreto 1174/1989, se somete á Xunta de Goberno Local a aprobación das liquidacións correspondentes que aparecen relacionadas no Anexo I deste documento, aos efectos de realizar a oportuna notificación ao interesado de acordo co disposto na Lei xeral tributaria 58/2003.

ANEXO I

PERIODO	BASE TAXA	Tipo impositivo	Cuota tributaria
Novembro 2008	696.509,88	1,5 %	10.447,64

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía da liquidación reflectida no informe da Tesourería por importe de 10.447,64 euros correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio

público local de Unión Fenosa Distribución S.A. de novembro de 2008, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

22.- SOLICITUDE SUBVENCION PARA A CONTRATACION DE AUXILIARES DE POLICIA EN EPOCA ESTIVAL

Vista a Orde da Conselleria de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza de 26/12/08 pola que se regula a concesión de axudas económicas aos Concellos de Galicia para a contratación temporal de auxiliares de Policía Local durante a tempada de verán.

O Concello de Moaña prevé a contratación de 8 auxiliares de Policía, dende o 1 de Xuño o 30 de Setembro (catro meses), con un orzamento total de 55.843,52 euros, así desglosados:

Haberes(salario base, puntualidade, pp pagas extras) por cada un	1.271,74
euros	
Indemnización cese, por cada un	28,26
euros	
Seguridade social a cargo da empresa.....	<u>445,11 euros</u>
Total mes cada un.....	1.745,11 euros
Meses.....	4
Suma.....	6.980,44 euros
Auxiliares.....	<u>8</u>
 Total.....	 55.843,52 euros

A vista do sinalado, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda solicitar da Conselleria da Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, acoller a citada Orde para a contratación temporal de auxiliares de policía para a tempada de verán dende o 1 de Xuño a 30 de Setembro, e solicitar unha axuda do 75% (41.882,64 euros) do presuposto total 55.843,52 euros, aceptando as condición de financiamento e demais requisitos establecidos nesta orde.

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 19:10 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.